

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 19 DE XUÑO DO 2026.

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Dezanove de Xuño do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 11/06/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/124

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 08/06/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE REPOSICIÓN CLIMATIZACIÓN MERCADO MUNICIPAL"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/196

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 11/06/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA, CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO LICITADOR "ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L." (CIF: B94106663), PARA RESPONDER DO CONTRATO DO "PROYECTO DE ACONDICIONAMIENTO



DE SENDERO EN EL ARROYO PEDRÍN Y RECUPERACIÓN DE SU ENTORNO EN EL CONCELLO DE RIBEIRA (A CORUÑA)""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/270

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 12/06/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE PLUVIAIS NUN VIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE XARÁS"

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202606/319

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 16/06/2026. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA, CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO LICITADOR "OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.", PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SUBSTITUCIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE A TASCA (AGUIÑO)""

6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Lucía Petrovich Costa

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Lucía Petrovich Costa**, de data 12/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.585), no que solicita autorización para a instalación de posto de venda ambulante (6 m. x 2 m.), desde o día 16/06/2026 ata o 23/06/2026, na Avenida do Malecón (Ribeira), enfronte da entidade bancaria "Banco Sabadell".

7.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 15/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.773), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 23 e 24/06/2026, co motivo da celebración da "Festa de San Xoán" de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- NON AUTORIZAR** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante (Mojitos), os días 23 e 24/06/2026, co motivo da celebración da "Festa de San Xoán" de Palmeira, debido a que, neste caso, non é competencia deste Concello.
- INFORMAR** ao interesado que para a súa instalación deberá poñerse en contacto coa



“Comisión de Festas de Palmeira”, xa que se trata da entidade encargada de xestionar a instalación de todos os postos que pretendan exercer a súa actividade durante a celebración da citada festa.

- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

7158 27.03.2026 REY RODRIGUEZ JUAN FERNANDO, arreglo de fachada, lugar Dean Grande, Nº 109 - Ribeira. (2026 COMU000104)

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12113 22.05.2026 PEREZ LOBERA JOSE JUAN, reparar tellado en alboio, lugar Bretal, Nº S/N, Oliveira - Ribeira. (2026 COMU000223)

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12280 25.05.2026 VIDAL PEGO ALBA, delimitación con postes y malla, lugar Castro, Nº S/N, Carreira - Ribeira. (2026 COMU000227)

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



10848 07.05.2026 ROMERO RODRIGUEZ ANGEL GABRIEL, substitución de instalacións de cocina y baño, lugar de Campos, Nº 42, Carreira - Ribeira. (2026 COMU000236)

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9308 21.04.2026 COMUNIDAD VECIÑOS EDIFICIO CARDONA, revestimento de fachada traseira con sistema de chapa con aislamiento, na Rúa Manuel Lustres Rivas, Nº 1, - Ribeira. (2026 COMU000161)

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11550 08.05.2024 MUÑIZ MUÑIZ JOSE, realización de peche en parte frontal, rúa Celso Emilio Ferreiro, Nº 1, Aguiño - Ribeira. (2026 COMU000067)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8758 15.04.2026 FONTAÍÑA GARCIA EVA MARIA, construción piscina, lugar de Insuela, Nº 90 B, Palmeira - Ribeira. (2026 COMU000144)

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11905 20.05.2026 TURPO LOZADA ARMANDO, substitución ventanas, rúa Escorial, Nº 12 1 03 C- Ribeira. (2026 COMU000217)



16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9145 20.04.2026 PIRE QUINTERO ANDREINA DELVANY, mantemento de local, traballos en interiores e exteriores, rúa de Galicia, Nº 99 - Ribeira. (2026 COMU000155)

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María José Fontao Ageitos

Visto o escrito presentado por **María José Fontao Ageitos**, de data 05/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.691), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3543801NH0134S, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 09/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3543801NH0134S, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Luis Ferreiro García

Queda sobre a mesa o escrito presentado por **Luis Ferreiro García**, de data 08/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.881), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A041001730000KP, neste termo municipal.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Ríos García

Visto o escrito presentado por **Juan Ríos García**, de data 11/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.424), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 1110924NH0111S10350E, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 11/06/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que



-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 1110924NH0111S10350E, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

20.- VAO PERMANENTE – C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo)

Visto o escrito presentado por Asesoría Beny García & Asociados, S.L. e representación de **C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo)**, de data 03/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.325), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa das Agrads, Edificio Agrads II (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/06/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a C.P. Garaxe Edificio Agra II (Corrubedo)**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Ameixida, nº 35 (Castiñeiras), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

21.- VAO PERMANENTE - Andrés Teira Sampedro

Visto o escrito presentado por **Andrés Teira Sampedro**, de data 11/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.389), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Luis Seoane, nº 8 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/06/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Andrés Teira Sampedro**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Luis Seoane, nº 8 (Aguíño), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da*



beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

22.- VAO PERMANENTE – Lorenzo Coya Zapata

Visto o escrito presentado por Fuensanta Coya Zapata en representación de **Lorenzo Coya Zapata**, de data 10/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.206), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na rúa Deán Pequeno, nº 35 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 15/06/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Lorenzo Coya Zapata**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na rúa Deán Pequeno, nº 35 (Ribeira), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

23.- APROBACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN XOÁN DE PALMEIRA 2026

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 16/06/2026, relativa á aprobación da celebración das Festas de San Xoán de Palmeira 2026, na que expón:

“

- *Recíbese petición de Tania Santos Ferrás, en nome da Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira, interesando realizar a Festa de San Xoán ó 23 e madrugada do 24 de xuño de 2026 na parroquia de Palmeira.*
 - *Manifesta que terá lugar na extensión da zona portuaria e a sardiñada na explanada do Parque da Arrochela.*
 - *Solicita pranchas e area de praia para poder facer as sardiña; Contenedores e reforzo de limpeza ao día seguinte; Sinalización de Prohibido aparcar, corte de acceso de vehículos na entrada da estrada xeral e do Mercado Municipal.*
- Comunica que os taxis estarán no aparcadoiro da rúa Xeral diante do Bar “Baldomero”.*

En cumprimento da normativa vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2018) así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, con anterioridade á data de celebración do evento deberá dispor de:



- ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
Disposición Transitoria Tercera da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
- ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora.
- ✓ **Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica** da instalacións de estruturas desmontables se as tivera.

Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido social que

- ✓ *Co seu esforzo e dedicación contribúen a enriquecer a oferta lúdico – cultural do municipio.*
- ✓ *Promoven e sensibilizan a participación veciñal.*
- ✓ *Trátase dunha celebración que forma parte da tradición e costumes da nosa comunidade, ancestral organizado por unha entidade de ánimo de lucro. ”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1. Autorizar á celebración da Festa de San Xoán en Palmeira ó 23 de xuño de 2026 co horario límite de ata ás 6.00 horas do día seguinte.**
- 2. Tramitar a ocupación de espazo portuario a estos efectos.**
- 3. Dispor de reforzo de depósitos de residuos e prestar ó servizo de limpeza unha vez rematado o evento.**
- 4. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:**

- ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil**
Disposición Transitoria Tercera da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
- ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora.
- ✓ **Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica** da instalacións de estruturas desmontables se as tivera.

5. Comunicar ao solicitante que

- ✓ **Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese**



orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

- ✓ **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España** que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
 - ✓ **Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.**
 - ✓ **Deberá cumprir co Bando Municipal de data 08 de xuño de 2026 disposto no taboeiro de anuncios www.ribeira.gal/documents/34600/219053/BANDO+SAN+XOÁN_2026.**
6. **Dar traslado deste acordo á Policía Local para atender a todo o relativo á regulación do tráfico e sinalización viaria.**

24.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS: “RUTAS DE ARTES DE PESCA E MARISQUEO A FLOTE” E “RUTA DA CONSERVA E SALAZÓN”

Vista a proposta de aprobación de prezos públicos da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 09/06/2026, no que se solicita a aprobación dos prezos públicos para a realización das actividades “Rutas de artes de pesca e marisqueo a flote” e “Ruta da conserva e salazón”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto por Intervención e Tesourería, de data 16/06/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1º.- Establecer un prezo público de 30,00 € para adultos e 15 € para nenos ata 12 anos, en base a **Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e turístico e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, *“A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”*

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.



25.- ACORDO DE APROBACIÓN DO ALUGUEIRO DE PARCELA EN CASTIÑEIRAS PARA O SEU USO COMO APARCADOIRO MUNICIPAL, PROPIEDAD DA ENTIDADE "INVERSIONES MARUXÍA S.L.". EXPEDIENTE 2026 PATR000008

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Por Providencia da Alcaldía de data 19/05/2026, resolveuse a incoación de expediente administrativo para alugar o inmovible de referencia catastral 15074A019008540000KW, denominado "REVOLTA" ou "PEDRA DA RAYA", cito na parroquia de Castiñeiras, municipio de Ribeira, para o seu uso como aparcadoiro municipal temporal de vehículos.
2. Na data 26/05/2026 emítese informe de valoración polo arquitecto municipal.
3. Mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/06/2026 co número 202614480, D. Andrés Santos Sanlés, en nome e representación da entidade "*Inversiones Maruxía, S.L.*", presenta oferta do aluguer da parcela por un total de 1.000 euros ó ano mais o IVE, propoñendo que a duración do contrato fose por un ano, prorrogable de ano en ano, ata un máximo de 4 anos.
4. Na data 12/06/2026 emítese, pola Sra. Alcaldesa, memoria xustificativa do seu arrendamento directo.
5. Na data 12/06/2026 emítese informe xurídico sobre o arrendo en cuestión, e en relación á oferta presentada pola propiedade.
6. Na data 15/06/2026 o interventor municipal emite informe de fiscalización favorable no que fai constar a existencia de crédito na aplicación orzamentaria 133.20200, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente é 2.784.561,85 euros.
7. Así mesmo, consta no expediente a seguinte documentación:
 - Consulta descritiva e gráfica de datos catastrais do ben inmovible.
 - Título de propiedade: escritura de agrupación autorizada pola Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, na data 19/05/2010 co número 865 de protocolo.
 - Escritura de constitución da sociedade limitada, autorizada na data 22/05/2002 polo Notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Julio Reigada Montoto, co número 1.625 de protocolo.
 - Escritura de poder de representación, autorizada na data 25/05/2007 polo Notario de Santiago de Compostela, D. Nelson Rodicio Rodicio, co número 2.225 de protocolo.
 - DNI de D. Andrés Manuel Santos Sanlés.
 - Oferta de aluguer rexistrada de entrada na data 11/06/2026 co número 2026 00014480.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 08 de abril.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Código Civil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorpórais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial.

Así, a lexislación patrimonial á que deberemos remitirnos será o Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, que no seu artigo 92 sinala que: *"1. O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades Locais rexérase, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades Locais. Será necesaria a realización de poxa sempre que a duración da cesión fora superior a cinco anos ou o prezo estipulado exceda do 5 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto. 2. En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens."*

A estes efectos, o artigo 124 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no apartado 4 da disposición adicional décimo quinta, agás que de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben, se considera necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Continúa dicindo o citado artigo que as propostas de arrendamento, así como as de novación e prórroga, serán sometidas a informe técnico, que recollerá o correspondente estudo de mercado, e da Avogacía do Estado ou do órgano ó que corresponda o asesoramento xurídico das entidades vinculadas á Administración Xeral do Estado. No caso de arrendamentos a concertar pola Administración Xeral do Estado, a solicitude do Ministerio virá acompañada da oferta do arrendador e do informe técnico previsto no apartado anterior. A formalización dos contratos de arrendamento da Administración Xeral do Estado e as súas modificacións efectuarase polo Director Xeral do Patrimonio do Estado ou funcionario en quen delegue. Non obstante, o Ministerio de Facenda, ó acordar o arrendamento, ou a súa novación, poderá encomendar a formalización destes contratos ós subsecretarios dos departamentos ministeriais.

Cítase así mesmo, o artigo 27.1 do Real Decreto 1373/2009 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas, referido á



documentación e procedemento para a adquisición directa de inmobles e dereitos sobre os mesmos, que tamén podería aplicarse ó arrendamento directo de inmobles:

“1. No procedemento de adquisición directa de bens inmobles e dereitos sobre os mesmos, deberá aportarse ó expediente a memoria prevista no artigo 116 da Lei, na que se xustificarán debidamente as causas polas que se acode a dito procedemento de conformidade co previsto no citado artigo. Á memoria unirase a seguinte documentación:

- a) A relativa á personalidade de quen ofrece o inmovible ou dereito cuxa adquisición interesa, e do seu representante no seu caso. Si se tratara dunha Administración Pública, aportarase a documentación que acredite a súa oferta, así como o cumprimento da normativa correspondente.*
- b) A identificativa do inmovible ou dereito, tanto técnica, como xurídica, e a xustificativa da súa titularidade, incluíndo no seu caso certificación catastral e rexistral.*
- c) Certificado de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, así como a correspondente aprobación do gasto e fiscalización, ou documentación contable correspondente.*
- d) A oferta de venda con expresión do prezo, do prazo de duración da oferta e das condicións do contrato.”*

SEGUNDA.- No referente á competencia para acordar o arrendamento, estase ao referido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, que dispón que nas entidades locais corresponde ao Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados. Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor. O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

TERCEIRA.- No caso que nos ocupa, trátase do arrendamento do inmovible de referencia catastral 15074A019008540000KW, cuxa análise dos diferentes aspectos a ter en conta realízanse a continuación:

a) Situación de regularidade do inmovible:

- **Descrición:** URBANA: “REVOLTA” ou “PEDRA DA RAYA”, a labradío, sita na parroquia de Castiñeiras, municipio de Ribeira, dunhas doce áreas noventa centiáreas, si ben, segundo recente medición, a súa superficie é de quince áreas vinte e nove centiáreas, que linda: Norte, parcela 1497 do polígono 19 e mais de “Inversiones Maruxía, S.L.”; Sur, de Isabel Iglesias Pérez; Este, camiño e máis de “Inversiones Maruxía, S.L.”; e Oeste, de Antonio Lorenzo Teira, Josefa Martínez Ayaso e outro.
- **Titular:** “INVERSIONES MARUXÍA S.L.”, con CIF B15834856, de duración indefinida, domiciliada na Rúa Rabuda, número 17, da parroquia de Aguiño, do municipio de Ribeira.



- Título: Agrupación, autorizada mediante escritura de data 19/05/2010 pola Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 865 de protocolo.
- Referencia catastral: 15074A019008540000KW.
- Inscripción: Non constan datos da súa inscrición.
- Clasificación do solo: Non consta.
- Cargas: Non constan

Á vista do exposto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar dos contratistas, constando así mesmo a regularización do inmovible cuxo arrendamento se pretende.

b) Actuacións formais.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder ao arrendamento do ben inmovible, consta no expediente informe de taxación emitido polo arquitecto municipal na data 26/05/2026.

Neste informe dispónse que esta parcela ten o valor aproximado de 73.200,00 euros.

Compre dicir que, en canto ao prezo do contrato e ante a falla de regulación expresa de este tipo de negocio xurídico, poderíase acudir, por analogía, ao artigo 92.2 do RB, que dispón: “En todo caso, o usuario haberá de satisfacer un canon non inferior ao 6 por 100 do valor en venta dos bens”. Neste caso, aplicando o criterio recollido no citado artigo en sentido inverso, e tendo en conta que o canon ao que se refire, ao non especificar nada, enténdese que é anual, o valor do arrendamento resultaría o referido a continuación, no que se pode apreciar que o prezo polo que a propiedade do inmovible oferta o arrendamento do mesmo (1.000 euros anuais mais IVE = 1.210 euros), está por debaixo do valor anual en aplicación do artigo 92.1 do RB:

Valor total	Valor anual	Valor mensual
73.200 euros	4.392 euros	366 euros/ mes

A especial idoneidade do inmovible resulta acreditada na memoria xustificativa asinada pola Sra. Alcaldesa na data 12/06/2026 na que se dispón o seguinte: “Este Concello precisa dispoñer do inmovible que nos ocupa para o seu uso como aparcadoiro municipal, por canto son moi escasas as zonas destinadas a aparcadoiro de vehículos, o que dificulta enormemente o estacionamento para os/as veciños/as. D. Andrés Manuel Santos Sanlés, con DNI número 76.483.994-R, en nome e representación da entidade “INVERSIONES MARUXÍA, S.L.” con CIF número B15834856, propietaria do referido inmovible, presenta oferta de aluguer polo prezo de 1.000 euros mais IVE ó ano, polo prazo dun ano, prorrogable de ano en ano ata o máximo de 4 anos. En relación ó devandito inmovible parece legalmente admisible e perfectamente razoable, dadas as circunstancias concorrentes, o arrendamento directo do mesmo dada a súa necesidade, peculiaridades e as circunstancias concorrentes seguintes:

- Falta de terreo público na zona de Castiñeiras para o seu uso como aparcadoiro municipal.
- Características da parcela: Ten unha superficie de 1.525 metros cadrados; o solo atópase sen ningunha edificación; conta con fácil acceso xa que linda polo seu vento Este con camiño, que é a Rúa Revolta, e que conecta á súa vez coa estrada xeral; e está situada moi preto das praias de Castiñeiras (Mosqueiros, Ameixida, etc), sendo,



polo tanto, unha zona moi concorrida polos/as veciños/as e turistas que nos visitan na época estival.

Xunto ó referido é preciso sinalar que non existen pola zona que nos interesa outro inmobile con estas características que estea dispoñible, polo que non é posible a concorrencia na licitación e sendo a adxudicación directa o único procedemento viable para o seu arrendamento."

c) Acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente.

En informe emitido na data 15/06/2026, resulta acreditado polo Sr. Interventor a existencia de crédito suficiente e adecuado para o arrendamento que se pretende.

d) Posibilidade de concertar o arrendo directo.

De conformidade co artigo 124 da Lei 33/2003 antes citado, pode concertarse o arrendo de modo directo, ao xustificarse a especial idoneidade do inmobile.

e) Órgano competente.

De conformidade co informe de Intervención en relación á porcentaxe do 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto, e tendo en conta o prezo total do contrato co importe anual (1.000 euros máis IVE o que supón a contía anual de 1.210 euros co IVE incluído), o órgano competente para acordar a presente contratación é o Alcalde, xa que a contía do contrato non supera a porcentaxe indicada, estando delegada esta competencia na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación polo órgano competente.

Por elo, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 15/06/2026, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 15/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Arrendar o inmobile coa referencia catastral 15074A019008540000KW, descrito na consideración xurídica terceira apartado a), polo prezo de 100,84 euros mensuais IVE incluído, e con suxeición ás seguintes cláusulas:

1ª OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do contrato o arrendamento do inmobile descrito a continuación, para o seu uso como aparcadoiro municipal:

- **Descrición:** URBANA: "REVOLTA" ou "PEDRA DA RAYA", a labradío, sita na parroquia de Castiñeiras, municipio de Ribeira, dunhas doce áreas noventa centiáreas, si ben, segundo recente medición, a súa superficie é de quince áreas vinte e nove centiáreas, que linda: Norte, parcela 1497 do polígono 19 e mais de "Inversiones Maruxía, S.L."; Sur, de Isabel Iglesias Pérez; Este, camiño e máis de "Inversiones Maruxía, S.L."; e Oeste, de Antonio Lorenzo Teira, Josefa Martínez Ayaso e outro.



- Titular: "INVERSIONES MARUXÍA S.L.", con CIF B15834856, de duración indefinida, domiciliada na Rúa Rabuda, número 17, da parroquia de Aguiño, do municipio de Ribeira.
- Título: Agrupación, autorizada mediante escritura de data 19/05/2010 pola Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 865 de protocolo.
- Referencia catastral: 15074A019008540000KW.
- Inscripción: Non constan datos da súa inscrición.
- Clasificación do solo: Non consta.
- Cargas: Non constan

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, a teor do disposto no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En todo o non previsto nas cláusulas do contrato, este rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, con carácter preferente, pola lexislación patrimonial contida no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, na Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e, en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.

2ª NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

A necesidade que pretende cubrirse co contrato ven determinada nos informes que forman parte do expediente administrativo, isto é, a carencia de espazo público na zona na que se localiza o inmovible para o seu destino como aparcadoiro, polo que o arrendamento ten como fin destinalo referido inmovible a aparcadoiro municipal.

3ª PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato é de 1 ano, a contar desde a data 01/07/2026.

Transcorrido o prazo dun ano o contrato quedará automaticamente extinguido sen necesidade de comunicación previa á parte arrendadora, agás prórroga expresa e por escrito de ambas partes que deberá realizarse cun mes de antelación á data de finalización do arrendamento. A estes efectos, o contrato poderá prorrogarse por prazos de 1 ano cada prórroga, e ata o prazo máximo de 4 anos, en total.

4ª FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato de arrendamento producirase en documento administrativo, se ben a parte arrendadora poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública autorizada por Notario, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos do acordo ou resolución municipal no que se determine a aprobación deste arrendamento.

5ª PREZO DO CONTRATO

O prezo do presente contrato privado de arrendamento é de 100,84 euros mensuais, IVE incluído, que se abonará ó arrendador a trimestre vencido, mediante transferencia bancaria da referida cantidade á seguinte conta bancaria designada polo arrendador: ES1200497755812410021777.



Requirirá a previa presentación de factura, así como os informes dos Servizos Técnicos e Administrativos que correspondan, entre os días 1 e 5 do trimestre seguinte ao que corresponda.

Na súa factura electrónica deberá indicar os seguintes campos:

Oficina contable: L01150737

Órgano xestor: L01150737

Unidade tramitadora: L01150737

Referencia do contrato: (*) 2026/PATR000008

(*) No programa de Facturación Electrónica subministrado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Factura e) este campo denomínase "Ref. Receptor" e encóntrase dentro do apartado "Datos de Pago"

6ª DEREITOS E OBRIGAS

6.1. Do/a arrendador/a.

O/a arrendador/a ten dereito a percibir o importe do arrendamento do inmovible.

O/a arrendador/a terá a obriga de manter a vixencia do contrato polo prazo estipulado de 1 ano, prorrogables por prazos de 1 ano, e ata o prazo máximo de 4 anos, sen que poida, pola súa única vontade e sen causa legal xustificada, proceder á rescisión do contrato con anterioridade ó referido prazo, sen prexuízo do disposto na cláusula 8ª en relación á resolución do contrato.

O/a arrendador/a terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.554 do Código Civil:

- A entregar á parte arrendataria a cousa obxecto do contrato.
- A facer nela durante o arrendamento todas as reparacións necesarias a fin de conservala en estado de servir para o uso ó que se destina.
- A manter ó arrendatario no goce pacífico do arrendamento por todo o tempo do contrato.

6.2. Do/a arrendatario/a.

O/a arrendatario/a deberá abonar o prezo do arrendamento nos termos convidados.

O/a arrendatario/a asumirá tamén a realización e o custo da adaptación do inmovible para o uso ó que se destina.

O Concello, como arrendatario, utilizará o inmovible, única e exclusivamente, para destinalo ao uso público de aparcadoiro municipal, mantendo o inmovible en perfectas condicións.

O arrendatario non poderá subarrendar, total nin parcialmente o inmovible nin ceder o contrato, sen expreso consentimento por escrito da parte arrendadora. Aínda en tales casos, o arrendatario será responsable do cumprimento da presentes condicións polo subarrendatario, incluso do pago do prezo do contrato.

O/a arrendatario terá, ademais, as obrigas dispostas no artigo 1.555 do Código Civil.

7ª MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderá modificarse por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido no artigo 203 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8ª RESOLUCIÓN DO CONTRATO



Ó realizarse por prazo determinado (1 ano a contar desde o 01/07/2026), o arrendamento conclúe o día do cumprimento do prazo de 1 ano, isto é, o día 30 de xuño de 2027, sen necesidade de requirimento nin comunicación previa. No caso de acordarse á/s prórroga/s do contrato, este concluíra o día do cumprimento da/s referida/s prórroga/s, sen necesidade de requirimento nin comunicación previa.

A extinción por transcurso do termo convido do arrendamento do inmovible non dará lugar a indemnización.

O contrato tamén poderán resolverse antes de cumprirse o prazo pactado por calquera das partes, para o que se deberá avisar por escrito á outra parte cunha antelación de 3 meses.

O incumprimento por calquera das partes das obrigas resultantes do contrato dará dereito á parte que incumpriera as súas a esixir o cumprimento da obriga ou a promover a resolución do contrato de acordo co disposto no artigo 1.124 do Código Civil.

Ademais, a parte arrendadora poderá resolver de pleno dereito o contrato polas seguintes causas:

- *A falta do abono da renda ou, no seu caso, de calquera das cantidades cuxo pago asumira ou corresponda á parte arrendataria.*
- *O subarrendo ou a cesión non consentidos.*
- *A realización de danos causados dolosamente no inmovible ou de obras non consentidas pola parte arrendadora cando o consentimento desta sexa necesario.*
- *Cando no inmovible teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.*

Do mesmo modo, a parte arrendataria poderá resolver o contrato polas seguintes causas:

- *A non realización pola parte arrendadora das reparacións que non sexan obriga da parte arrendataria.*
- *A perturbación de feito ou de dereito que realice a parte arrendadora na utilización do inmovible.*
- *Pola perda do inmovible arrendado por causa non imputable á parte arrendadora.*
- *Pola declaración firme de ruína acordada pola autoridade competente.*

9ª OPCIÓN DE COMPRA

Non se admite a posibilidade de opción de compra no presente contrato.

10ª JURISDICCIÓN COMPETENTE

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será competente para coñecer as cuestións derivadas da preparación e adxudicación do contrato.

A orde xurisdiccional civil será competente para coñecer as cuestións derivadas dos efectos e extinción do contrato.

SEGUNDO.- Anotar o arrendo no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Atender ao cumprimento do contrato de arrendamento con cargo á aplicación correspondente do orzamento municipal vixente.



CUARTO.- Facultar á Alcaldesa para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as.

26.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- D.J.S.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 15/06/2026, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **D.J.S.**, mediante escrito de data 25/05/2026.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María Francisca Vidal Regueira, de data 09/06/2026, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.— Aprobar o gasto.

SEGUNDO.— Dispor o gasto por importe de 1388,92 € en concepto de equipamento e material de fontanería e carpintería destinado a necesidades básicas de vivenda habitual.

TERCEIRO.— Notificar o presente acordo á persoa interesada, con indicación dos recursos que legalmente procedan, así como aos departamentos municipais correspondentes para a súa execución.

27.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTES AO “CENTRO RECREATIVO DE ARTES” PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA PARROQUIA

LOGO DE VER que Dña. Rosa María Orellán Santos, en representación do Centro Recreativo de Artes, presenta escrito de data 15/06/2026, con número de rexistro de entrada municipal 14805, solicitando:

“O POLIDEPORTIVO DE ARTES PARA OS DIAS, SABADO DIA 20 A PARTIRES DAS 13 HORAS, DOMINGO DIA 21 TODO O DIA”.

MOTIVO: FESTAS DA PARROQUIA”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- O pavillón de Artes ten adestramentos do Clube Patinaxe Cidade de Ribeira para a data solicitada (falouse cos responsables para informar da posible celebración do evento).



4. O obxectivo do solicitante é facer parte das actividades das festas da parroquia no interior do polideportivo.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 16-06-26, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 16-06-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar ao Centro Recreativo de Artes para que poida utilizar o polideportivo de Artes, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **20 de xuño a partir das 13.00 horas e domingo 21 de xuño ao longo de todo o día**.
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes, para coordinar a apertura das instalacións.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

28.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 16/06/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por Manuela Ayaso Domínguez, en nome do Grupo de Baile e Música Tradicional Tahúme, interesando celebrar o Festival de Fin de Curso 2025/2026 para o que precisa o Auditorio Municipal de Ribeira o día 20 de xuño de 2026.

Manifesta que se trata do Festival de Fin de Curso no que o alumnado infantil, xuvenil e adulto pon en escena os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo do ano.

Comunica a escaleta do festival no que se recollen desde decoración, preparativos do escenario; Ensaíos xeral, inicio do festival, duración estimada de 90 minutos e retirada.

Entre outras necesidades, indica ás referidas á iluminación e son. Ademais solicita o uso dos camerinos e todas as salas do Auditorio co fin de ser empregadas como vestiarios e zonas de preparación dos grupos participantes.

Considerando que:



- a) O evento é organizado por unha asociación cultural e sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de entidades municipais de Ribeira.
- b) Supón unha mostra do valor do esforzo e disciplina do alumnado. Fomenta o traballo en equipo.
- c) Contribúe á transmisión interxeneracional do patrimonio inmaterial, a música e baile tradicional.

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

I. Instalacións municipais: Auditorio de Ribeira.

Sábado 20 de xuño de 2026 en horario de 11.00 a 13.30 h / 16.00 – 19.30 h ensaios, 19.30h Festival (duración 1h 30'aprox) ata remate ás 21.00 horas.

Delimitación de Uso das instalacións.

Non se estima convinte o uso de todos os espazos do Auditorio a modo de vestiarios e zonas de preparación dos grupos. Existe unha zona de backstage suficiente a disposición dos participantes, acondicionado ao efecto con baños, espellos etc e cinco camerinos.

De xeito excepcional pudera usar a Sala de Ensaíos ao atoparse comunicada directamente co escenario e preto dos WCs e camerinos e no mesmo andar.

A Sala Polivalente non é axeitada para tarefas de loxística e menos empregar como camerino ao non dispor de WCs, lavabos, espellos ademais de atoparse fóra da zona backstage o que supón atravesar o vestíbulo para ir ao Salón de Actos.

II. Servizos de bedelía e limpeza.

III. Asistencia técnica de sala.

IV. Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporais aos vehículos da organización.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- Autorizar a celebración do Festival Fin de Curso do alumnado do Grupo de Baile e Música Tradicional Tahume.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o sábado 20 de xuño de 2026, en horario de 8.00 a 13.30 h / 16.00 – 19.30 h ensaios, 19.30 h celebración do festival ata remate e saída ás 21.00 h aprox, delimitada na súa área principal e nos espazos que se indican:
 - Salón de Actos.
 - Zona backstage, planta -2 (dotada con 5 camerinos).
 - Excepcionalmente, ao xustificar que é un grupo numeroso de participantes, o Uso da Sala de Ensaíos.
- Non se autoriza o Uso da Sala Polivalente para realizar as tarefas solicitadas polo solicitante por non ser axeitada para este tipo de uso “camerinos e loxística” ademais ao estar ubicada fóra da zona backstage de acceso directo e interno ao salón e escenario.
- Por a a disposición o servizo técnico de sala; Servizo de bedelía e limpeza.
- Facilitar ó acceso de carga/descarga mediante autorización temporais aos vehículos da organización.

Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO



1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puidan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respetar os límites de capacidade.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

ANEXO I-

NORMAS DE ACCESO AO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA

- Non se poderá superar o límite da capacidade da sala en cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Non se permite consumir alimentos ou bebidas.
- Está prohibido fumar en todo o recinto.
- Por normativa de evacuación, cada butaca correspóndese con un asistente, con independencia da idade (incluídos bebés).



- A fila 9 da sala principal está reservada para persoas con mobilidade reducida e/ou neurodiverxencias que acrediten esa condición (a organización poderá solicitar o certificado correspondente e en caso de non cumprir coas condicións establecidas as entradas perderán a súa validez).
- Recoméndase respectar a idade indicada para cada espectáculo. En todo caso, os menores deben estar acompañados dun adulto.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio.
- A organización resérvase o dereito de reubicación das localidades por causa xustificada.
- Non está permitido tomar fotos ou gravar o espectáculo con calquera medio (cámara, móbil, tablet...) nin utilizar estes dispositivos durante o mesmo xa que molestan ao público e ás compañías.
- Prégase puntualidade. Unha vez comezado o espectáculo non estará permitido o acceso e as entradas perderán a súa validez.
- Debése seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización.
- Para acceder con paraugas ao salón de actos será obrigatorio o uso das fundas plásticas, que estarán a disposición do público no vestíbulo principal.

29.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DO EVENTO “COS AVÓS NO COMERCIO DE RIBEIRA” – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 08/06/2026, relativa á autorización da celebración do evento “Avós no comercio de Ribeira”, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar a campaña “COS AVÓS NO COMERCIO DE RIBEIRA” dende o luns 22 de xuño ata o venres 3 de xullo que é o peche da campaña; co obxectivo de dinamizar o comercio local e poñer en valor o papel das persoas maiores como parte fundamental da vida social e comercial, promovendo o encontro entre xeracións a través do comercio local, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 05/06/2026 con Nº de rexistro de entrada 202613659, solicitando:

1. *Autorización para levar a cabo campaña “COS AVÓS NO COMERCIO DE RIBEIRA” o venres 3 de xullo, en horario de mañá, na Praza do Concello.*
2. *Autorización para realizar durante o evento diversas actividades interxeracionais con avós e avoas, actuacións e exhibicións de asociacións de baile.*
3. *Autorización para o uso dun enchufe de corrente eléctrica para a música.*
4. *Autorización para a carga e descarga de mercancía a carón da praza. ”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar a celebración na Praza do Concello** para o peche da campaña “COS AVÓS NO COMERCIO DE RIBEIRA” o venres 3 de xullo, en horario de mañá.
- **Autorizar para dispor de acometida eléctrica para a música (este servizo correrá a cargo da entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Ribeira).**
- **Autorizar para carga e descarga da mercancía a carón da praza. A entidade organizadora deberá, con antelación, coordinarse coa policía local.**



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- **Dar traslado deste acordo ao interesado, e á Policía Local para o seu coñecemento.**

30.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DO EVENTO “TENDAS Á RÚA” – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 12/06/2026, relativa á autorización da celebración do evento “Tendas á Rúa 2026”, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar unha nova edición “TENDAS Á RÚA 2026” o sábado 18 de xullo na Praza do Concello en horario de mañá, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 11/06/2026 con Nº de rexistro de entrada 202614448, solicitando:

1. *Autorización para levar a cabo “TENDAS Á RÚA 2026” o 18 de xullo na Praza do Concello desde as 10:00 h hasta as 15:00 h.*
2. *Autorización para carga e descarga da mercancía ao carón da praza.*
3. *Autorización para o uso dun enchufe de corrente eléctrica para a música.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar a celebración na Praza do Concello** a celebración de “TENDAS Á RÚA 2026” o sábado 18 de xullo desde as 10:00 h hasta as 15:00 h.
- **A entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Ribeira, deberá con antelación, coordinarse coa policía local para a carga e descarga da mercancía e para a montaxe e desmontaxe das estruturas (carpas/haimas).**
- **Autorizar para dispor de acometida eléctrica para a música (este servizo correrá a cargo da entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Ribeira).**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- **Dar traslado deste acordo ao interesado, ás Concellarías de Cultura e Festexos e á Policía Local para o seu coñecemento.**



31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE ALTOFALANTES EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Queda sobre a mesa o escrito presentado por Alejandro Nespereira Martínez en representación de **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 09/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.155), no que solicita autorización para a instalación de altofalantes en espazo público, no establecemento hostaleiro Taberna Horse Luis (Rúa do Peirao, nº 3 – Ribeira), o día 17/07/2026, en horario de 23:30 h. a 04:00 h., co motivo da celebración do “Dancing in de Sity”, incluído no marco das actividades da Festa da Dorna 2026.

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO FESTIVO EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – José Manuel Santos Martínez (A RÚA)

Vistos os escritos presentados por **José Manuel Santos Martínez**, de datas 03 e 11/06/2026 (Rexistros de entrada nº 13.431 e 14.464), nos que solicita autorización para celebración de evento festivo (Concerto-churrascada-sardiñada), na terraza do establecemento hostaleiro “Café Bar A Rúa”, o día 23/06/2026, en horario de 21:00h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración de evento festivo (Concerto-churrascada-sardiñada), na terraza do establecemento hostaleiro “Café Bar A Rúa”, o día 23/06/2026, en horario de 21:00h. a 01:00 h.
- Deberán gardar as correspondentes medidas de seguridade tanto para participantes como para peóns e estar en posesión da correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Deberán deixar o espazo público en perfectas condicións de limpeza unha vez rematado o evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

33.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 203/2026 DE PRAZA Nº 1 DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 203/2026 de Praza nº 1 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela, de data 08/06/2026, na que desestima o recurso contencioso administrativo (PA 266/2024) interposto por UTE Auditorio contra o Concello de Ribeira.



34.- ENMENDA DE ACORDO PARA AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE ARTES (DATAS DE CELEBRACIÓN)

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 12/06/2026, relativa á enmenda de acordo para autorización da celebración das Festas de Artes (Datas de celebración), na que expón:

“Advertido o erro no acordo da Xunta de Goberno Local, sesión de data 11 de xuño de 2026, do asunto: Celebración Festas do Verán en Artes, solicito modificar este acordo debido a un erro material/involuntario detectado na súa redacción.

En tal sentido, onde di:

- **Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, os días 20, 21 e 22 de xuño de 2026 no exterior das instalacións do Centro Recreativo de Artes.**

Debe dicir:

- **Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, os días 19, 20 e 21 de xuño de 2026 no exterior das instalacións do Centro Recreativo de Artes.**

A excepción desta modificación expresa, mantéñense os demais termos e condicións do acordo orixinal.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Rectificar o erro material producido no acordo de modificación de **autorización da celebración das Festas do Verán de Artes**, de xeito que:

Onde di:

- **Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, os días 20, 21 e 22 de xuño de 2026 no exterior das instalacións do Centro Recreativo de Artes.**

Debe dicir:

- **Autorizar a celebración das Festas do Verán na parroquia de Artes, os días 19, 20 e 21 de xuño de 2026 no exterior das instalacións do Centro Recreativo de Artes.**

- A excepción desta modificación expresa, mantéñense os demais termos e condicións do acordo orixinal.
- Notificar este acordo ao interesado.

35.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. LIÑA DE DEPORTES 2025

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 05/06/2026, relativa á xustificación das subvencións e pagamento aos beneficiarios das subvencións destinadas a entidades sen ánimo de lucro. Liña de Deportes 2026.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 15/06/2026.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Se proceda ao libramento das cantidades aprobadas aos clubs participantes nesta convocatoria, por ter realizada a xustificación total, conforme a seguinte relación:

Nº	CLUB	SUBVENCIÓN 2025
1.	CIDADE DE RIBEIRA C.F.	20.000,00 €
2.	SD XUVENTÚ AGUIÑO	15.000,00 €
3.	CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIVEIRA	14.280,80 €
4.	CLUB ATLÉTICO OLEIROS	11.974,30 €
5.	CARREIRA CLUB DE FÚTBOL	11.470,80 €
6.	CLUB NATURAL SPORT VIDELGI	11.154,10 €
7.	CLUB VOLEIBOL RIBEIRA	10.143,80 €
8.	CLUB NÁUTICO RIVEIRA	8.982,70 €
9.	CLUB KEMPO BARBANZA	7.612,50 €
10.	CLUB PÁDEL RIBEIRA	5.003,70 €
11.	CLUB PATINAXE RIVEIRA	4.858,50 €
12.	ESCUELA DE BOXEO EL CANARIO	4.784,60 €
13.	CLUB BALONMÁN RIBEIRA	4.246,90 €
14.	CLUB NATACIÓN RIVEIRA	3.773,70 €
15.	CLUB BALONCESTO RIVEIRA	2.909,60 €
16.	CLUB STA UXÍA ATLETISMO	2.539,00 €
17.	CLUB KEMPO RIVEIRA	2.304,20 €
18.	CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS	1.950,70 €
19.	CLUB PALMEIRA	1.667,70 €
20.	CLUB BALONCESTO BARBANZA	1.500,00 €
21.	CLUB WINDSURF 4 VENTOS	500,00 €
		146.657,60 €

Se proceda ao libramento da seguinte cantidade, ao club que realizou unha xustificación parcial da mesma, aplicándolle a redución correspondente:

Nº	CLUB DEPORTIVO	SUBVENCIÓN 2025
1.	CLUB DEPORTIVO ARTES	3.138,18 €

36.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – José María Tercero Paulo (RETABLO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **José María Tercero Paulo** en representación establecemento **“Bar Retablo”** (Ribeira), de data 02/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.251), nos que solicita permiso para a celebración de dous eventos musicais no exterior do establecemento hostaleiro **“Bar Retablo”** (Ribeira), o día 20/06/2026, o primeiro en horario de 12:00 h. a 16:00 h., e o segundo en horario de 20:00 h. a 23:00 h.



37.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – José María Tercero Paulo (RETABLO)

Visto o escrito presentado por **José María Tercero Paulo**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Retablo**, de data 02/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.249), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 27/06/2026, co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **A Xunta de Goberno Local queda enteirada** do escrito presentado por **José María Tercero Paulo**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Retablo**, de data 02/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.249), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 27/06/2026, co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.
- **Informar ao solicitante** que dita autorización está xestionada pola Comisión de Festas da Festa de Bandourrío, polo que deberá contar coa autorización da citada entidade.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

38.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Elvira Pereira Ageitos

Visto o escrito presentado por **Elvira Pereira Ageitos**, de data 15/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.760), no que solicita certificación urbanística en relación aos límites parroquiais de Olveira.


Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Vixiante Urbanístico, Borja Martínez Muñiz, de data 17/04/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Compróbase con planimetría do Inventario Municipal os límites parroquiales de Olveira, situada no Concello de Ribeira.

Apórtase un plano adxunto (ver Plano A3) a continuación, e infórmase do seguinte:

- Ampliamos zona solicitada do “Plano 2: LOCALIZACIÓN ORTOFOTO” do Inventario Municipal do Concello de Ribeira e sinálase cun sombreado oblicuo o territorio que abarca a parroquia de Olveira; podemos comprobar as parroquias e concello lindante, como se pode apreciar no Plano A3 adxunto.





39.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA O APOIO Á CELEBRACIÓN DA FESTA DO VERÁN DE RIBEIRA 2026

Visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 16/06/2026, relativo á aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribeira para o apoio á celebración da Festa do Verán de Ribeira 2026.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribeira para o apoio á celebración da Festa do Verán de Ribeira 2026.
- **Segundo.-** Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer

Visto o escrito presentado por María Isabel Gey Pérez, en representación de **Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer**, de data 29/05/2026 (Registro de entrada nº 12.757), no que solicita autorización para a ocupación temporal da praza do Parque García Bayón (Ribeira), o día 28/08/2026, en horario de 15:00 h. a 23:59 h., co motivo da celebración da VIII Andaina Solidaria. Así mesmo solicita, a habilitación de dous contedores RSU adicionais, o apoio de Protección Civil por motivos de seguridade e a cesión de uso de 3 mesas pregables e 20 cadeiras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Conceder permiso para a ocupación temporal da praza do Parque García Bayón (Ribeira), o día 28/08/2026, en horario de 15:00 h. a 23:59 h., co motivo da celebración da VIII Andaina Solidaria.
- Prestar a colaboración municipal coa habilitación de dous contedores RSU adicionais, o apoio de Protección Civil por motivos de seguridade e a cesión de uso de mesas pregables e cadeiras
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e Protección Civil para o seu coñecemento.

41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO – Asociación Cultural “Real e Ilustre Cofradía da Dorna”

Queda sobre a mesa o escrito presentado pr Alejandro Nespeira Martínez en representación da **Asociación Cultural “Real e Ilustre Cofradía da Dorna”**, de data 16/06/2026 (Registro de entrada nº 15.000), no que solicita a ocupación temporal de espazo público, situado na Rúa Emilia Pardo Bazán (Na zona onde se atopaba anteriormente o palco da música), o día 20/06/2026, en horario de 10:00 h. a 15:00 h., co motivo da celebración da actividade de venda de sudadeiras da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Permitir a ocupación temporal do espazo público, situado na Rúa Emilia Pardo Bazán (Na zona onde se atopaba anteriormente o palco da música), o día 20/06/2026, en horario de 10:00 h. a 15:00 h., co motivo da celebración da actividade de venda de sudadeiras da Festa da Dorna.
- Informar ao solicitante da inherente necesidade de autorización de Portos de Galicia, debido a que ese espazo é competencia da citada entidade pública. (No caso de que a ocupación sexa en espazo da súa competencia)
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



42.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE BANDOURRÍO

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 17/06/2026, relativa á autorización da celebración das Festas de Bandourrí, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por José Ramón Oujo Martínez, en nome da Asociación Cultural Bandourrí (sede electrónica 2026 10400, 13509 e 14985) interesado en celebrar as Festas de Bandourrí os días 26 e 27 de xuño de 2026.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. **Autorización de ocupación de vía pública conforme plano adxunto.**
2. **Apoio Policía Local para coordinar ordenación do tráfico, accesos/peches e aparcadoiros e horarios.**
3. **Disposición de sinais e vallas.**
4. **Servizo de moto bomba durante a celebración da fogueira.**
5. **Reforzo do servizo de limpeza e contenedores de residuos sólidos urbanos.**
6. **Incorporación ao Xuño cultural.**

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Programación provisional de actividades
- Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil e recibo de pago (vixente 20/06/2025 ao 20/6/2026)
- Plano de ubicación das actividades.
- Informe Policía Local asinado na data 17 de xuño de 2026.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha póliza de responsabilidade civil en **vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

Dispor documentalmente antes da data de celebración da festa, identidade dos titulares ou responsables dos postos de venda ambulante ou atraccións de feria, etc así como da súa ubicación exacta, o incumprimento suporía impedirilles a instalación, exercer a actividade, inmovilizarlos, retiralos e tramitarlles as correspondentes denuncias.

4. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.



- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
Asumir a responsabilidade **polos danos** ou incendios que se poidan producir.

MEDIDAS PREVENTIVAS: Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar. Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo. A fogueira deberá contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco para a seguridade e saúde das persoas que as levan a cabo, en ningún caso se levarán a cabo individualmente. Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

OUTRAS MEDIDAS/CONDICIÓNES: ESTÁ PROHIBIDA A QUEIMA DE TODO TIPO DE RESIDUOS (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), debido aos gases tóxicos que produce a súa queima. Fogueiras en espazos de titularidade ou xestión pública: - Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento da fogueira e/ou sardiñada, nun prazo máximo de 12 horas despois de rematada. - Fogueiras sobre pavimentos en zonas urbanas. Excepcionalmente permitirase facer a cacharela sobre pavimentos de zonas urbanas (asfaltado, embaladosado...), sempre e cando se faga sobre unha capa de area de polo menos 10 centímetros, ou se coloque algún outro elemento que garanta unha protección adecuada. - Non se poderán realizar fogueiras que interrompan e/ou deterioreen estradas, camiños e zonas verdes.

5. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

6. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración das Festas de Bandourríu na Praza de Teruel, Rúa de Portugal e Praza de Pontevedra de Ribeira os días 26 e 27 de xuño de 2026 co límite horario de ata ás 4.00h am do día seguinte.
- Facilitar a disposición de acometida monofásica destinadas as actuacións musicais.
- Prestar apoio operativo da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- Prestar apoio do vehículo moto-bomba condicionadas á súa dispoñibilidade.
- Prestar reforzo do servizo de limpeza e contenedores de residuos sólidos estos días de festa.

Lembranza final

O titular é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.

O titular ten a obriga de deixar a praza na que celebra este evento **nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña antes da súa ocupación.**"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración das Festas de Bandourríu na Praza de Teruel, Rúa de Portugal e Praza de Pontevedra de Ribeira os días 26 e 27 de xuño de 2026 co límite horario de ata ás 4.00h am do día seguinte.
- Facilitar a disposición de acometida monofásica destinadas ás actuacións musicais.



- Prestar apoio operativo da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- Prestar apoio do vehículo moto-bomba condicionadas á súa disponibilidad.
- Reforzo do servizo de limpeza e contenedores de residuos sólidos estos días de festa.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

43.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

29655 11.12.2025 JUAN ANTONIO SIEIRA LUNA, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar na Rúa Celeiráns, s/n, Aguiño, Ribeira. (2025 LIC-000077)

44.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO FESTIVO EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (Chiringuito Touro – O DA RUBIA)

Visto o escritos presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera**, de data 16/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.947), no que solicita autorización para celebración de evento festivo (sardiñada), no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito do Touro – O da Rubia”, o día 23/06/2026, en horario de 18:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración de evento festivo (sardiñada), no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito do Touro – O da Rubia”, o día 23/06/2026, en horario de 18:00h. a 00:00 h.
- Deberán gardar as correspondentes medidas de seguridade tanto para participantes como para peóns e estar en posesión da correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Deberán deixar o espazo público en perfectas condicións de limpeza unha vez rematado o evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

45.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (2) – Ateneo Ribeira

Visto o escrito presentado por Ciprián Rivas Fernández, en calidade de Presidente do **Ateneo Ribeira**, de data 18/06/2026 (Rexistro de entrada nº 15.227), no que solicita o uso



temporal da Sala de Exposicións do Centro Cultural Lustres Rivas, o día 20/06/2026, en horario de 13,00 h. a 14:00 h., co motivo da sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Amigos Valle-Inclán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o uso temporal da Sala de Exposicións do Centro Cultural Lustres Rivas, o día 20/06/2026, en horario de 13,00 h. a 14:00 h., co motivo da sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Amigos Valle-Inclán.
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNs DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respetar os límites de capacidade.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

